

FIESTA DE LIBROS



**PROXECTOS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINAR
COORDINADOS DESDE A BIBLIOTECA ESCOLAR**

C.E.I.P AGRO DO MUÍÑO

AS CORTES-ORTOÑO 15228 AMES (A CORUÑA)

TEL. 981815836

E-MAIL: CEIP.AGROMUINO@EDU.XUNTA.ES

[HTTP://centros.edu.xuna.es/ceipagrodomuino/](http://centros.edu.xuna.es/ceipagrodomuino/)

INTRODUCCIÓN

XUSTIFICACIÓN

A auga de boa calidade é un ben cada vez máis escaso, a pesar de ser imprescindible para a saúde e a vida. Dado que en Galicia este problema aparentemente non existe (lembremos a célebre expresión de Álvaro Cunqueiro “O PAÍS DOS MIL RÍOS”) é moi difícil concienciar ao noso alumnado de que a auga en bo estado, é un recurso esgotable.



O noso Centro está situado nunha zona moi próxima a un tramo do río Sar que pasa entre Ortoño e Bastavales. Este fermoso e literario río é un dos máis contaminados de Galicia. Somos conscientes da importancia que teñen os ecosistemas fluviais para o desenvolvemento da vida e da poboación que está asentada nas súas áreas limítrofes. Por ese motivo pensamos en realizar un proxecto encamiñado a coñecer, protexer preservar e concienciar ao noso alumnado sobre o estado no que se encontra este río e outros da nosa Comunidade para adoptar medidas que impliquen a súa protección e sensibilizar sobre a necesidade de manter estes ecosistemas en óptimo estado pola cantidade de vida vexetal e animal que albergan e a gran cantidade de recursos que ofrecen aos seres humanos que habitan nas súas proximidades.

Os ríos son a fonte principal da auga que usamos a diario nos nosos fogares polo que o seu estudo leva aparelado o coñecemento dos sistemas de depuración e potabilización que fan posible o goce da auga potable na nosa vida diaria.

A auga sempre estivo moi ligada á nosa cultura, polo que consideramos necesario o estudo da tradición oral, da arquitectura dos ríos (pontes, lavadoiros, muíños, batáns, pelamios...) e os costumes dos nosos antergos relacionados con esta temática.

A través deste proxecto pretendemos un cambio de hábitos e actitudes do noso alumnado con respecto ao uso responsable da auga e ao coidado e respecto dos ecosistemas fluviais.

CALENDARIO DE REALIZACIÓN

Este proxecto está integrado de forma curricular na programación de aula e na programación xeral de Centro, ten o seu inicio no mes de outubro coincidindo co mes das bibliotecas escolares e remata no mes de xuño cun festival relacionado coa temática traballada anualmente, Todas as actividades, conmemoracións e toda a vida da Comunidade Educativa xira en torno a él.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

O número total de alumnado participante é o matriculado no Centro, 439 alumnos/as dos que 289 corresponden a Ed. Primaria e 150 a Ed Infantil.

Neste momento o Centro acolle a un número significativo de alumnado que presenta N.E.E. (parálise cerebral, síndrome de Angelman, síndrome de Williams, autismo...)

Participa neste proxecto os 31 profesores/as do Centro.(Equipo directivo, Orientación, Ed. Infantil, Ed. Primaria e a totalidade dos especialistas,)


ORGANIZACIÓN



Ao finalizar cada curso escolar preséntase dende o Equipo da Biblioteca diferentes propostas da temática de traballo, que se levarán a cabo ao longo do curso escolar seguinte. No seu inicio ditas propostas son debatidas nos diferentes ciclos e equipos de traballo e finalmente seleccionase o tema, núcleo sobre o que xira toda a actividade docente e que cohesiona o traballo de todos os ciclos, equipos de dinamización e a todos os membros da Comunidade Educativa. Elabórase un proxecto que é aprobado polo Claustro e o Consello Escolar, que logo pasa a formar parte das programacións de aula e da P.X.A. O proxecto desenvólvese de forma vertical abarcando a todos os niveis do colexio e horizontal abarcando todas as materias e áreas curriculares.

COMPETENCIAS,
OBJECTIVOS E CONTIDOS

INTEGRACIÓN CURRICULAR



COMPETENCIAS

Competencia Lingüística: Investigando, comprendendo e debatindo a información para comunicala en diferentes tipos de textos, traballando o vocabulario propio do tema.

Competencia Matemática: Traballando a escala nos mapas para elaboración de maquetas, traballando equivalencias na medición de líquidos, traballando a orientación mediante xogos de pistas.

Competencia no Coñecemento e Interacción co mundo físico:

Descubriendo a nosa relación e dependencia coa auga, analizando o estado físico da auga dos ríos, estudando o bosque de ribeira e a súa influencia na saúde do río, coñecendo as etapas do ciclo natural e urbano da auga.

Competencia no Tratamento da Información e Competencia

Dixital: Usando os ordenadores e internet na búsqueda e tratamento da información.

Competencia Social e Cidadá: Traballando en equipo na búsqueda de acordos.

Competencia Cultural e Artística: Visitando exposicións relacionados coa auga , coñecendo a etnografía dos ríos, dramatizando lendas, realizando obras plásticas.

Competencia para Aprender a Aprender Gozando dunha metodoloxía diferente e innovadora para a aprendizaxe.


Competencia para Autonomía e iniciativa persoal.

Favorecendo o espírito crítico e a búsqueda de solución propias.

OBXECTIVOS:


- Rendibilizar os recursos da biblioteca.
- Usar de forma responsable a auga
- Valorar a importancia da boa calidade da auga para a vida e a saúde.
- Recoñecer a presenza da auga no medio físico.
- Coñecer o ciclo da auga.
- Identificar os estados da auga
- Aplicar o método científico na investigación das propiedades da auga.
- Observar a flora e fauna dos ríos galegos.
- Recoñecer a arquitectura da auga.
- Descubrir sinais de contaminación fluvial e investigar as causas.

- Comprobar a calidade da auga do río Sar.
- Desenvolver a capacidade expresiva: oral ,escrita e plástica.
- Mellorar a produción de textos de diferente tipo.
- Utilizar internet como fonte de información.
- Descubrir a literatura como fonte de historias relacionadas co tema.
- Desenvolver a capacidade de traballo individual e en equipo do alumnado.
- Implicar a Comuindade Educativa nas diferentes etapas do proxecto.



DESCRIPCIÓN DO PROCESO

ESQUEMA DA DESCRIPCIÓN DO PROXECTO



EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICAS

No inicio de curso mércase material bibliográfico, fonográfico e videográfico relacionado co proxecto e expóñense na biblioteca e corredores do Centro.

CONFERENCIAS

XOSÉ MANUEL PENAS PATIÑO é membro da Plataforma pola defensa do Sar e coautor do libro "GUÍA DE AVES DE GALICIA" aceptou moi xentilmente a proposta de vir ao noso cole para darlle aos nen@s unha conferencia na que abordou os seguintes temas: Concienciación sobre o estado do río Sar, Estado actual no que se atopa o río, alternativas de solución, depuración de augas, contaminación dos ríos e hábitos de coidado do medio

ENLACE BLOG: [CONCIENCIACIÓN SOBRE O ESTADO DO RÍO SAR](#)

TIPOLOXÍA TEXTUAL

Dentro do proxecto interdisciplinar **RIADA DE LIBROS** traballamos o **texto descritivo** sobre os monstros que viven na auga e nos ríos . Enmarcámolo dentro do proxecto "ESCOLACREACTIVA" que levamos a cabo no presente curso.

ENLACE BLOG [QUE VEÑEN OS MONSTROS!!!! \(P. ESCOLACREACTIVA\)](#)

ENLACE BLOG [ESCOLACREACTIVA](#)

O **profesorado de Ed Física** en colaboración cos titores dirixiu un traballo de investigación sobre lendas tradicionais dos ríos galegos. Logo recompiláronas e adaptáronas para realizar un **texto teatral**. Posteriormente representouse ante todo o alumnado do Centro.

ENLACE BLOG [TEATRO DE MONICREQUES \(LENDAS DOS RÍOS GALEGOS\)](#)

O **alumnado de 4º A** fixo un **OBRADOIRO DE POESÍA** centrado na flora e na fauna do río Sar, como homenaxe a Rosalía e aos seus poemas sobre este río

ENLACE BLOG : [TALLER DE POESÍA NA SEMANA DE ROSALÍA](#)

O **alumnado de 6º Ed Primaria**, para conmemorar o **Día da Muller** elaborou dúas presentacións multimedia sobre a relación, dende sempre, da muller e a auga na Galicia tradicional. Logo expuxeron a todo o alumnado a información recompilada.

ENLACE BLOG: [AUGA E MULLER NA CULTURA TRADICIONAL](#)

O **alumnado de 5º de Ed Primaria** traballou a prensa na aula durante todo o curso. Elaborou un dossier de noticias sobre todas e cada unha das actividades feitas no Proxecto Interdisciplinar.

ENLACE BLOG: [O RÍO SAR CON MIRADA PERIODÍSTICA](#)

Este mesmo alumnado realizou varias presentacións multimedia sobre :


- OS RÍOS
- O RÍO SAR
- EMBARCACIÓNS

ENLACE BLOG: ["RIADA DE LIBROS" \(PRESENTACIÓN MULTIMEDIA\)](#)

Todo o alumnado do Centro traballou o **texto científico** en experimentos relacionados coa auga.

ENLACE BLOG AULA VERDE: [EXPERIMENTOS AUGA](#)


ENLACE BLOG 3ºED. PRIM:[EXPERIMENTOS CON AUGA](#)



ENLACE BLOG ED. INFANTIL: [AUGANARTE](#)

ENLACE BLOG INFANTIL:[A AUGA NO MAR](#)

CICLO DA AUGA:[MURAL CICLO DA AUGA](#)



O alumnado de 1º de Ed Primaria ,logo de investigar sobre a arquitectura dos ríos elaborou un resumo de fontes, muíños, lavadoiros e pontes que existen nos ríos do noso Concello.

ENLACE BLOG:[ARQUITECTURA DOS RÍOS NO CONCELLO DE AMES](#)

O CICLO DA AUGA O alumnado de 2º nivel realizou unha presentación multimedia sobre o ciclo da auga. Experimentaron os procesos de evaporación e condensación. Elaboraron un mural e unha maqueta sobre esta temática

ENLACE BLOG: [O CICLO DA AUGA](#)

**2º CICLO DE D.
PRIMARIA**

- ✓ Flora dos ríos.
- ✓ Abecedario da auga

En colaboración coas familias levou a cabo un traballo de recompilación das follas de árbores das veigas do Sar e do val da Maía. Logo de secalas, clasificáronas atendendo á forma e ao borde do limbo e elaboraron o **herbario**

ENLACE BLOG: [FLORA DO SAR](#)

**3º CICLO DE D.
PRIMARIA**

- ✓ Situación satelital da zona do río.
- ✓ Visita ao río
- ✓ Observación
- ✓ Estudo científico do estado do río sar
- ✓ Biodiversidade fauna, flora e bosque de ribeira.
- ✓ Contaminación.
- ✓ Ciclo urbán da auga

ENLACE BLOG: [CONTAMINACIÓN DO RÍO SAR.](#)

Ed. FÍSICA

- ✓ Xogo de pistas.
- ✓ Andainas polos ríos galegos

O profesorado de ed. física deseñou para o alumnado de 5º e 6º de primaria un **xogo de pistas** sobre **8 ríos galegos**

ENLACE BLOG: [XOGO DE PISTAS RÍOS GALEGOS](#)

Andainas polos ríos galegos Realizáronse rutas de sendeirismo polas ribeiras de diferentes ríos (Sar, Ulla, Armenteira)

Ed. MUSICAL

- Instrumentación de pezas musicais relacionadas coa auga.

RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Toda a documentación e fontes utilizadas pódense consultar na aula virtual MOODLE

[-AULA VIRTUAL RIADA DE LIBROS](#)

[-BLOG DE LA BIBLIOTECA ESCOLAR](#)

-Fondos meiga da biblioteca escolar

-Bibliografía e videografía aportada polas familias.

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

INFORMACIÓN DENE O CENTRO NO INICIO DE CURSO



FAMILIAS E INSTITUCIÓN

FAMILIAS E INSTITUCIÓN

Samaín.

Faladoiros no muíño

- Contacontos
- Experiencias

Río lector.

Visitas guiadas Río Sar e E.D.A.R.

Concurso fotográfico ARTE NA AUGA

Recompilación de ditos e refráns

Para difundir o proxecto utilizáronse os seguintes medios:

- ✚ Exposición do traballo do alumnado entre os compañeiros
- ✚ Cartas enviadas á Comunidade Escolar, Familias e Organismos.
- ✚ Prensa.
- ✚ Reunións coa concellará de medio-ambiente.
- ✚ A través do programa Voz Natura.
- ✚ Aula virtual do Centro
- ✚ Blog de bibliotecas escolares.
- ✚ Blog de Voz Natura
- ✚ Web do Centro
- ✚ Blogoteca do Centro.
- ✚ Festival fin de curso (A AUGA MOVE O MUÍÑO)

ENLACES

[WEB DEL CENTRO](#)

[BLOG DE LA BIBLIOTECA ESCOLAR](#)

[BLOG VOZ NATURA](#)

[AULA VIRTUAL RIADA DE LIBROS](#)

[AULA VIRTUAL BIBLIOTECA ESCOLAR](#)

[AULA VIRTUAL CONTRATOS PROGRAMA](#)

AVALIACIÓN

Adquisición de novos fondos Neste curso fíxose un especial investimento en libros informativos. Adquiríronse CDs e fondos documentais relacionados co Proxecto. O Concello donou unha partida de libros. Mercáronse materiais para o alumnado de N.E.E.

Funcionamiento do servizo de préstamo Prestáronse libros a través do programa Meiga aoa alumnado individualmente e ás aulas.

Grao de uso da biblioteca como centro de recursos .A biblioteca foi centro de recurso para consulta bibliográfica e multimedia sobre o proxecto documental

Implicación de la Comunidade Escolar en el Proyecto Toda a Comunidade Escolar estivo implicada no proxecto e actividades da biblioteca.


Implicación da Comunidade Educativa e Concello O grao de implicación das familias foi moi alto. Houbo unha especial colaboración neste proxecto coa concellaría de medio-ambiente.

Nivel da utilización das T.I.C O profesorado participou nun seminario de Centro no que se recompilaron materiais para a aula virtual, que serviron como fonte de información para o traballo de aula.

Nivel de desenvolvemento das Competencias Básicas Consideramos que as diferentes actividades desenvolvidas no proxecto favoreceron a evolución positiva das competencias básicas no seu conxunto.

Alfabetización informacional A búsqueda de información realizouse en gran parte a través da rede. Pais e alumnado elaboraron presentacións multimedia facendo uso das novas tecnoloxías

Aprender a aprender O proxecto favoreceu o fomento da sensibilidade e respecto polo medio, fomentou a creatividade e a autonomía persoal na realización das diferentes propostas.



A biblioteca foi o Centro promotor e dinamizador de todas as actividades realizadas en torno ao proxecto. Orienta sobre as diferentes páxinas web, fondos documentais...Programa, distribúe o traballo, organiza os horarios das diferentes actividades, recompílaos para a súa presentación á Comunidade Educativa .



[BIBLIOTECA ESCOLAR](#)

[AULA VIRTUAL PLAMBE RIADA DE LIBROS](#)

